

## ACTIVIDADES PERMANENTES

### Clube de Lectura para adultos

Un Clube de lectura é un grupo de persoas que len o mesmo tempo un libro. Cada un faino na súa casa, pero unha vez ó mes reúnense todos para compartir e comentar as lecturas programadas coa axuda dun coordinador.

Non fai falta que sexas un experto lector, o Clube está pensado para persoas con inquietudes culturais, ganas de ler, facer amigos e intercambiar opinións con outras persoas. O Clube está aberto todo o ano, e os libros son proporcionados pola Biblioteca de Soutomaior. Gratuito. Máximo 20 membros.

### Taller literario e de escritura creativa para adultos.

Dirixese a todas aquelas persoas interesadas na creación literaria sendo un dos obxectivos prioritarios axudar ó participante a desenvolver e afianzar unha disciplina de creación.

Non son necesarios coñecementos previos sobre a materia. Comezo o 15 de febreiro.

Todos os venres de 19 a 20 h.

Gratuito. Prazas limitadas, asignación por orde de inscrición

### Taller creativo trilingüe (INGLÉS, GALEGO E CASTELÁN) para nenos de 5 a 9 anos.

Neles, a través de técnicas lúdicas, preséntase a lectura e a escritura creativa como un pasatempo enriquecedor (monicreques, xogos didácticos, manualidades).

Ampliación de vocabulario nos tres idiomas. Darlle sentido ás palabras no seu medio. Mellora da comunicación e a convivencia. Potenciación do estímulo creativo.

Comezo o 15 de febreiro.

Todos os venres de 17 a 18 h.

Gratuito. Prazas limitadas, asignación por orde de inscrición.

Máis información no telf: 986 700 291 e  
[www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com), [biblioteca@soutomaior.com](mailto:biblioteca@soutomaior.com)

## INFORMACION XERAL

A biblioteca está situada na rúa Illas Alvedosas, 3 de Arcade abre as súas portas de luns a venres de 16 a 20 h. e os martes e xoves tamén de mañá de 9 a 14 h.

Recibimos a diario os seguintes xornais: El País, Faro de Vigo, Diario de Pontevedra, Atlántico Diario, La Voz de Galicia, Marca, boletins oficiais: BOE, DOG, BOP.

Mensualmente as publicacións: Muy interesante, Fotogramas, Marca, Motor, Natura, (natureza, medio ambiente) Psychologies, Crecer feliz (saúde, educación dos fillos), Integral (saúde, ecoloxía), National Geographic, Computer Hoy, Capital (economía, empresa), Viajes Nacional Geographic, MercaVedra.

A biblioteca dispón de 15.000 libros en galego, castelán e inglés, de todos os xéneros: novelas, poesía, teatro, comics, tebeos. Seccións de literatura romántica, literatura xuvenil, e literatura infantil para nenos de toda as idades.

Máis de 15 enciclopedias temáticas e manuais de todos os campos do saber.

Hemeroteca local: Toda as novas relacionadas con Soutomaior dende o ano 1984 e hemeroteca xeral dende 1898.

Na sección de audiovisuais: 430 películas en DVD, das cales 80 son infantis e 250 CD,s de música, principalmente clásica. CD-Rom educativos, titorías, xogos, documentais e grandes series de Tv.

Acceso a Internet e a ferramentas ofimáticas a través de tres equipos informáticos. Equipos para realizar audicións musicais e reprodución de DVD,s.

A biblioteca municipal é túa, leva 24 anos aberta. ¡Anímate e visítanos!



## PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES



FEBREIRO - XUÑO 2008



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
Concellería de Cultura  
[www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com)

FEBREIRO

14 Xoves

Contacontos infantil. Ás 18:30 Coa  
contacontos Soledad Felloza



25 Luns

Recital de poesía por Yolanda  
Castaño. Textos de Rosalía de  
Castro e da propia autora. Proxección  
de Videopoemas. (Conmemoración  
do Día de Rosalía)



MARZO

27 Xoves

Recital poético-musical.  
Ás 19 h. a cargo do grupo  
Amistad. Tema "O mar".  
(Conmemoración do Día  
da Poesía)



ABRIL

2 Mércores

Día Internacional do Libro infantil  
e Xuvenil. Visita de escolares á  
biblioteca. Actuación do grupo de  
teatro "Migallas" cunha obra sobre a  
iniciación á lectura, á imaxinación e  
ó coidado dos libros. ("O libro  
máxico")



ABRIL

Terceira Semana do Libro:  
Navegando por un mar de libros

21 Luns

Obradoiro de manualidades.  
Contos mariños. De 17 a 19 h.



22 Martes

Proxección da película "La sirenita".  
Basada nun clásico de H. Christian  
Andersen. Ás 18:30 h.



23 Mércores

Contacontos infantil. Día Mundial do  
Libro. Ás 19 h. Soledad Felloza



24 Xoves

Obradoiro de manualidades.  
Coñezo os meus libros. De 17 a 19 h.



MAIO

8 Xoves

Ás 11 da mañá. Coloquio -  
Obradoiro literario con Helena  
Villar Janeiro. "A voltas cos contos".  
Entrada libre.



MAIO

15 Xoves

Contacontos infantil. Ás 19 h.  
Con Soledad Felloza



12 ó 17

Día das Letras Galegas 2008.  
Exposición sobre vida e obra de  
Xosé María Álvarez Blázquez



23 Venres

Visita da Ciclobiblioteca e  
contacontos ó aire libre. De 17 a 19  
horas a ciclobiblioteca fará un  
percorrido por todo o Concello e  
rematará contando un conto no  
peirao de Arcade. En caso de mal  
tempo no Multiusos. Darase a  
coñecer a ruta uns días antes.



XUÑO

13 Venres

Clausura dos talleres literarios.  
Exposición dos traballos na  
biblioteca. Ás 20 h.

